



TALLER

PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2024-2025

📅 23 de abril de 2024

📍 FEUGA
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Vida. Santiago de Compostela

🌐 Curso impartido en inglés

✳️ O acceso aos servizos do Programa Oportunius no caso dos candidatos/as a ERC-2025-StG/CoG requirirá a participación neste taller.

PREPARACIÓN PROPOSTAS ERC_ PROGRAMA HORIZON EUROPE

Preparar unha solicitude ás axudas do *European Research Council* (ERC) require dunha profunda comprensión dos obxectivos da convocatoria, así como dos elementos que deben incluírse na proposta. O persoal avaliador do programa busca proxectos non convencionais, con potencial para converterse en referencia a escala global, que abran novos horizontes de investigación.

Este taller ofrece información chave sobre o tipo de proxectos e perfís de investigadores/as que financia o ERC, guiando aos candidatos/as, dunha maneira práctica e didáctica, na elaboración de propostas altamente competitivas.

Esta formación está dirixida ao persoal investigador interesado en solicitar as axudas do ERC-2024-AdG y ERC-2025-StG/CoG.

OBXECTIVOS

- Familiarizar aos participantes coas convocatorias do *European Research Council*, integradas no Pilar I do Programa Horizonte Europa.
- Axudar aos posibles solicitantes a detectar se as súas ideas de proxecto e perfís científicos coinciden co espírito destas convocatorias.
- Proporcionar consellos prácticos e mellores prácticas para preparar unha proposta altamente competitiva.
- Coñecer, de primeira man, a experiencia de persoal investigador beneficiario de axudas do ERC.



PROGRAMA

Taller

PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2024-2025

23 de abril de 2024



10.00 - 10.15 h

Benvida e presentación

María José Mariño. Directora da Área de Centros da Axencia Galega de Innovación

10.15 - 11.30 h



BLOQUE 1. UNHA ANÁLISE EN PROFUNDIDADE DAS CONVOCATORIAS DO ERC

- > Que é e que non é un proxecto ERC
- > Contido da solicitude e o proceso de avaliación
- > O perfil das persoas avaliadoras
- > Como elixir o panel e palabras adecuadas

11.30 - 11.45 h

Pausa café

11.45 - 13.00 h



BLOQUE 1. UNHA ANÁLISE EN PROFUNDIDADE DAS CONVOCATORIAS DO ERC

- > Descifrar os criterios de avaliación
- > Características competitivas do IP
- > Ferramentas de Intelixencia Artificial para o deseño do proxecto
- > Quenda de preguntas

13.00 - 13.30 h



BLOQUE 2. EXPERIENCIA DUNHA BENEFICIARIA DE AXUDAS DO ERC EN GALICIA

Olalla López. CRETUS, Universidade de Santiago de Compostela. Consolidador Grant, 2022

13.30 - 14.30 h

Pausa para almorzo e *networking*

14.30 - 16.00 h



BLOQUE 3. BOAS PRÁCTICAS PARA PRESENTAR UNHA PROPOSTA ERC

- > O enfoque distinto das partes B1 e B2
- > Como crear unha estrutura lóxica da proposta
- > Establecer obxectivos sólidos e ambiciosos
- > Detallar a implementación e o plan de traballo

16.00 - 16.15 h

Pausa café

16.15 - 17.30 h



BLOQUE 3. BOAS PRÁCTICAS PARA PRESENTAR UNHA PROPOSTA ERC

- > O papel dos resultados preliminares
- > A avaliación de riscos
- > A presentación do CV e da traxectoria profesional
- > Problemáticas comúns
- > Quenda de preguntas

17.30 - 17.55 h



BLOQUE 4. PRESENTACIÓN DO CUESTIONARIO DE SOLICITUDE DOS SERVICIOS DO PROGRAMA OPORTUNIUS

17.55 - 18.00 h

Valoración do taller e peche da xornada





Taller

PREPARACIÓN DE PROPOSTAS ERC 2024-2025

23 de abril de 2024



Formadores



STEW BEKK

Asesor especializado nas convocatorias ERC

Durante oito anos foi o coordinador da unidade de Pre-award no Institute of Photonic Sciences (ICFO), un dos institutos de investigación españois con máis éxito no Programa H2020, axudando especificamente a preparar e revisar máis de 60 propostas ERC.

Como asesor, conta con máis dunha década de experiencia na xestión e solicitude de proxectos de investigación, traballando en prestixiosos institutos de Barcelona, incluídos IDIBAPS, ICN2 e ICFO. Ademais, desenvolveu xunto con Malte un programa de formación especializada para candidatos a entrevistas da ERC que xa atendeu a máis de 40 candidatos.



MALTE BERINGER

Asesor e editor científico

Conta con máis de 15 anos de experiencia profesional como investigador en importantes laboratorios, obtendo unha ampla experiencia práctica en redacción científica e redacción de subvencións.

Desde 2018, a súa actividade centrouse en prestar asesoramento dentro da convocatoria ERC, traballando con científicos de institucións como o Instituto Max-Planck (Alemaña), CNIO (España), HiTS (Alemaña), IMDEA Nanociencia (España) ou The Arctic University/EMBL. Tamén proporciona asesoramento noutras propostas dentro de H2020/HEurope e programas nacionais de financiamento.

